

XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

EDICTO

De conformidade co disposto no art. 14.3 da Lei 5/1985 do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, convocadas Eleccións o Parlamento Europeo para o vindeiro día 25 de Maio, polo Real Decreto 213/2014, do 31 de Marzo (BOE nº 79, do 1/04/2014), para xeral coñecemento faise saber, por medio do presente, que a Xunta Electoral Provincial de Pontevedra, en sesión que tivo lugar no día de hoxe quedou constituída do seguinte xeito:

“*Presidente:* Ilmo. Sr. D. Francisco Javier Menéndez Estébanez, Presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Vogais Xudiciais:

Ilmo. Sr. D. Jaime Esaín Manresa, Maxistrado da Sección 3ª da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Ilma. Sra. D.ª María Nélica Cid Guede, Presidenta da Sección 4ª da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Secretaria: D.ª María Jesús Prieto Toranzo, Secretaria xudicial da Sección 1ª da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Así mesmo e de conformidade co disposto no art. 12 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, forma parte da mesma, con voz e sen voto, o Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Oficina do Censo Electoral D. Alberto González Burdiel.”

Así mesmo faise público que a Sede desta Xunta Electoral está ubicada no Pazo de Xustiza, Rúa Rosalía de Castro, nº 5-baixo de Pontevedra, e acordouse establecer un horario xeral para a atención ao público e representantes de partidos con carácter xeral, sen prexuízo da súa ampliación por necesidades do servizo e con respecto aos días en que venzan prazos, en que se prolonga ata ás 24 horas, que é o seguinte: Luns a venres de 09:00 a 13:00 horas e de 17:00 a 19:30 horas. Sábados: de 10:00 a 13:00 horas. Domingo día 13/04/2014 de 10:00 a 13:00 horas.

E para que conste, en cumprimento do acordado, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, estendo, asino e selo o presente en Pontevedra a dous de abril de 2014.

A Secretaria da Xunta Electoral, María Jesús Prieto Toranzo.

2014002991

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO

Servizo de Traballo e Economía Social

CONVENIO O ACORDO: AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, SA - BUEU

Código de Convenio número 36003532012003

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do convenio colectivo para os traballadores do servizo municipal de abastecemento de augas, saneamento e depuración do concello de Bueu, adscritos á empresa AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, SA, subscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa, e da parte social polo delegado de persoal, en data 5 de marzo de 2014.

Primeiro.—Dito Convenio foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 20 de marzo de 2014.

Segundo.—Que no mesmo non se aprecia nengunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuizo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.—Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.—Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

CONVENIO COLECTIVO DE TRABAJO DA ENTIDADE

AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA, S.A. PARA O PERSOAL DO CENTRO DE TRABAJO DE BUEU DEDICADOS A CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGAS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE BUEU PARA OS ANOS 2013, 2014, 2015 E 2016

ARTIGO 1.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente convenio colectivo será de aplicación a todo o persoal do centro de traballo en Bueu da empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A., dedicados á concesión do Servizo Municipal de Abastecemento de Augas, Saneamento e Depuración do Concello de Bueu.

ARTIGO 2.—ÁMBITO TEMPORAL

Este convenio entrará en vigor ó primeiro de xaneiro do 2013 sea cal fose a data da súa publicación. Terá unha vixencia de catro anos, que finalizará o 31 de decembro do 2016, considerándose a partir de entón prorrogado de ano en ano, se non fose denunciado con dous meses de antelación ó remate da súa vixencia inicial ou prorrogada.

ARTIGO 3.—DENUNCIA

A denuncia deste convenio deberá efetuarse por escrito ante a autoridade laboral e a outra parte asinante, segundo o previsto en canto a prazo no artigo anterior.

ARTIGO 4.—CONCEPTOS RETRIBUTIVOS

As retribucións de cada traballador estarán compostas polo salario base, e os complementos de cada nivel, grupo profesional e actividade que se determina no articulado do convenio.

O pagamento da nómina mensual efectuarase mediante transferencia bancaria á entidade previamente designada polo interesado.

ARTIGO 5.—SALARIO BASE

As retribucións en concepto de salario base para os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 serán as establecidas nas táboas anexas ao presente convenio colectivo.

ARTIGO 6.—ANTIGUIDADE

Tódolos traballadores afectados por este convenio percibirán en concepto de antigüidade as cantidades establecidas na táboa anexa.

A data de partida dos premios será a do primeiro de xaneiro ou a do primeiro de xullo, segundo que o ingreso na empresa se producise o primeiro ou segundo semestre do ano.

ARTIGO 7.—COMPLEMENTO DE POSTO DE TRABALLO

O persoal acollido a este convenio percibirá por este concepto, o quince por cento (15%) do importe dos salarios fixados na táboa anexa.

O complemento de posto de traballo percibirase mensualmente.

Este concepto salarial substitúe ao concepto salarial participación en beneficios establecido no convenio colectivo anterior.

ARTIGO 8.—GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS

O persoal comprendido neste convenio, percibirá catro pagas extraordinarias de devengo trimestral, por importe, cada unha dela dunha mensualidade, calculada sobre o salario base maila antigüidade, que serán efectivas o 31 de marzo, o 30 de xuño, o 30 de setembro e 22 de decembro.

O cómputo efectuarase do seguinte modo:

TRIMESTRE	ABONO
xaneiro, febreiro, marzo	marzo
abril, maio, xuño	xuño
xullo, agosto, setembro	setembro
outubro, novembro, decembro	decembro

O persoal de novo ingreso, o que cese durante o primeiro semestre do ano, percibirá unicamente a parte proporcional das pagas extraordinarias de marzo e xuño, que corresponda ó tempo efectivamente traballado. Idéntico criterio se aplicará para o persoal que ingrese ou cese na empresa no segundo semestre do ano, respecto ás pagas extraordinarias de setembro e decembro.

ARTIGO 9.—COMPLEMENTO MEDIOAMBIENTAL

As retribucións por este concepto para os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 serán as establecidas nas táboas anexas ao presente convenio colectivo. O pagamento se realizará por mes efectivamente traballado.

Aplicarase cando se efectúen cambios de contedores ou botellas de cloro ou reparen avarías nos aparellos de dosificación, ó persoal implicado nos ditos traballos, así como a todos aqueles traballadores

que nun momento determinado efectúen traballos no abastecemento ou saneamento e depuración de auga con posibilidade de existencia de toxicidade.

ARTIGO 10.—PLUS DE CONVENIO

As retribucións por este concepto para os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 serán as establecidas nas táboas anexas ao presente convenio colectivo.

ARTIGO 11.—QUEBRANTO DE MOEDA

A empresa non exime da obriga de repoñer posibles pérdas de diñeiro aqueles traballadores cuia función leve implícito o manexo de efectivo.

Non obstante, como compensación do anterior, abonaráselle a cada un destes traballadores por mes efectivamente traballado a cantidade establecida nas táboas anexas ao presente convenio colectivo.

ARTIGO 12.—HORAS EXTRAORDINARIAS

Poderánse realiza-las horas extraordinarias estruturais necesarias por acumulación de tarefas, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural, por causa da natureza do traballo que se vaia executar.

O valor das horas extraordinarias é o fixado nas táboas anexas ao presente convenio colectivo.

ARTIGO 13.—QUILOMETRAXE

Todo traballador que utilice o vehículo da súa propiedade por conta da empresa, percibirá a cantidade de vintete céntimos de euro/kilómetro (0.27 €/km). Será necesaria a aprobación do gasto por parte do responsable correspondente.

ARTIGO 14.—COMIDAS

O persoal que, por necesidades da empresa, teña que comer ou cear fora do seu domicilio, aboaráselle a cantidade de quince euros (15 €), por cada unha das comidas que se vexa obrigado a realizar fora da casa.

ARTIGO 15.—SERVICIO DE GARDA SEMANAL

O luns de cada semana ata o luns seguinte estarán de garda un traballador para de rede e un de equipos, que portarán un teléfono móbil, nos que recibirán tódolos avisos das situacións que se produzan no Servizo, debendo acudir, en principio, a eles coa debida prestancia, para a resolución das citadas situacións.

A retribución pola garda para o persoal de rede e de equipos será a establecida nas táboas anexas ao presente convenio colectivo.

O persoal de garda saínte, disfrutará de descanso a tarde do venres, ou último día de traballo da semana, na semana posterior.

Confecionarase un calendario anual coa asignación de gardas.

As roldas de fin de semana e días festivos dependerán das necesidades do servizo en cada momento e serán definidas e decididas pola xefatura do servizo, quen as comunicará ao traballador de redes que se atope de garda semanal, sinalándolle as tarefas a desenvolver durante o seu percorrido. Estas rondas estarán retribuídas como horas extraordinarias.

ARTIGO 16. – XORNADA DE TRABALLO

A xornada anual de traballo será de mil setecentas cincuenta (1.750) horas anuais e de 40 horas semanais distribuídas según o seguinte horario:

De luns a venres de 9 a 14 horas y de 16 a 19 horas.

Meses de xullo e agosto (*): personal de administración de 8 h a 15 h

personal de explotación de 7 h a 14 h

(*) Do 15 de xuño ao 15 de setembro, para os anos 2013, 2014, 2015 y 2016

Os días de noiteboa (24 de decembro) e fin de ano (31 de decembro) se traballará media xornada.

Adaptarase a xornada resultante destes horarios ó cómputo anual establecido.

ARTIGO 17. – VACACIÓNS

Tódolos traballadores terán dereito a un período de vacacións anuais de trinta días naturais, que se disfrutarán preferentemente no período comprendido entre o primeiro de marzo e o 30 de novembro.

A retribución en período vacacional será: Salario Base máis antigüidade, complemento posto de traballo e plus convenio.

ARTIGO 18. – FESTAS

Terán consideración de festas, todas aquelas que regulamentariamente estean determinadas, tamén o día 1 de xuño, día da patrona. Se o primeiro de xuño fose día non laborable, cambiarase polo día laborable inmediatamente anterior ou posterior.

ARTIGO 19. – LICENZAS E PERMISOS

O traballador, logo de aviso e posterior xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e períodos seguintes:

15 días naturais en caso de matrimonio.

4 días naturais en caso de falecemento accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica de cónxuxe ou fillos/as

2 días naturais polo falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando por tal motivo o traballador ou traballadora necesite facer un desprazamento ao efecto, o prazo será de catro días naturais.

1 día por traslado de domicilio.

2 día por asuntos propios, previo aviso de 72 horas e a autorización de xefe de servizo.

As licenzas enténdense vinculadas ó feito causante, debéndose disfrutar ao producirse este.

En todos os supostos contemplados neste artigo, recoñecerase o dereito a licenza retribuída tanto aos matrimonios convencionais como ás parellas de feito legalmente rexistradas nos rexistros públicos creados ou que se poidan crear, para o efecto en calquera ámbito xeográfico ou, en defecto destes últimos, ás acreditadas mediante escritura pública notarial outorgada conxuntamente, debéndose demostrar de forma fidedigna ante a empresa os requisitos establecidos anteriormente para o correspondente disfrute da licenza.

ARTIGO 20. – FONDO SOCIAL

O importe do fondo social para axuda de estudos, cultura, deporte, turismo social, etc., será para cada un dos anos de vixencia do presente convenio colectivo de douscentos cincuenta e cinco euros (255 €) por traballador.

A dirección da empresa aprobará os criterios e programas, vixiando a distribución e contía para aplicar en cada caso, por proposta do delegado de persoal.

ARTIGO 21.—ANTICIPOS REINTEGRABLES

Tódolos traballadores afectados polo convenio poderán solicitar, con cargo ó fondo establecido neste artigo, anticipos reintegrables que serán concedidos pola dirección da Empresa.

A forma de amortización será:

Unha mensuralidade a amortizar en doce meses.

Dúas mensuralidades a amortizar en vintecatro meses.

Establécense 1.500,00 € como cantidade máxima a solicitar por anticipo e solicitante.

Terán prioridade para a concesión dos anticipos reintegrables aqueles traballadores que non solicitaran nunca o mesmo, ou que de facelo, deixaran transcurrir máis tempo dende o pago da última amortización.

A empresa destinará á esta fin a cantidade de 4.000,00 €.

Consideraranse incluídas no fondo de cada ano, ás cantidades pendentes de reintegrar dos anticipos concedidos nos exercicios anteriores.

ARTIGO 22.—ROUPA DE TRABALLO

Subministraránselle a todo o persoal as necesarias e habituais roupas de traballo, quedando determinada a súa entrega na forma seguinte:

- Camisa de manga curta: 2 ó ano.
- Camisa de manga longa: 2 ó ano.
- Pantalón: 4 ó ano.
- Calzado de seguridade: 1 par ó ano.
- Anorak: 1 cada dous anos.
- Chaqueta curta: 2 ó ano.
- Xerse de inverno: 2 ó ano.
- Roupas de auga (cando o posto de traballo así o requira)
- Botas de seguridade: 1 par ó ano.
- Luvas de caucho: Segundo necesidades.
- Botas de auga: 1 par ó ano.
- Chaleco: 2 ó ano
- Gorra: 2 ó ano.

A utilización da roupa de traballo será obrigatoria durante a xornada laboral.

As datas de entrega serán aproximadamente a primeiro de outubro para a roupa de inverno e o primeiro de xuño para a roupa de verán.

ARTIGO 23.—SEGURO DE ACCIDENTES

A empresa comprométese a subscribir unha póliza de accidentes de traballo que lle garanta a cada traballador as seguintes indemnizacións:

- a) No caso de falecemento por accidente de traballo ou enfermidade profesional trinta e cinco mil euros (35.000 €).
- b) No caso de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional trinta e cinco mil euros (35.000 €).

ARTIGO 24.—SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

A empresa aboarlles a tódolos traballadores durante a situación de I.T. derivada de accidente de traballo e dende o primeiro día, a diferenza entre as prestacións da Seguridade Social e o 100% do salario base antigüidade, complemento posto de traballo, parte proporcional das pagas extras e plus convenio.

De igual forma, complementarase ata o 100% do salario base, antigüidade, complemento posto de traballo, parte proporcional das pagas extras e plus convenio nos casos de hospitalización e mentres dure ésta. A debandita situación deberase acreditar fidelignamente para xerar o dereito a este complemento.

ARTIGO 25.—SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Será de aplicación a lexislación vixente sobre seguridade e saúde laboral, e ámbalas partes velarán polo seu estricto cumprimento.

Todo traballador será recoñecido, a lo menos unha vez ó ano.

ARTIGO 26.—COTA SINDICAL

A empresa, previa solicitude do interesado, efectuará as retencións pertinentes pola cuota sindical.

ARTIGO 27.—RETIRADA DO PERMISO DE CONDUCIR

No suposto de que a un traballador, realizando o seu cometido cun vehículo da empresa e cumprindo a función que lle foi asignada, se lle retirara o permiso de conducir, a empresa o acomodará a outro posto de traballo axeitado as súas facultades e se respectará a retribución da súa categoría profesional, por un máximo de 2 anos. Ó remate da suspensión será reintegrado o seu posto de traballo.

Estes beneficios non terán lugar cando a causa da retirada do permiso de conducir se deba a imprudencia temeraria, embriaguez ou drogadicción, ou cando exista reincidencia.

ARTIGO 28.—COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO

Para velar pola aplicación, cumprimento e interpretación do estipulado no presente convenio colectivo, créase unha comisión paritaria entre os suxeitos participantes na negociación que desembocou no presente convenio colectivo, formada por un membro en representación dos traballadores e outro membro en representación da empresa. Nón obstante, ambas as dúas partes, poderán designar, ocasional o permanentemente, asesores para cantas materias consideren oportuno.

A comisión reunirse con carácter ordinario, unha vez cada seis meses e con carácter extraordinario, cando unha das partes o solicite no prazo de 15 días, podendo proceder a convocar a mesma calquera das partes que a integran. Tamén reunirse para actualizar, provisional o definitivamente, as retribucións establecidas neste convenio.

Os acordos tomaranse por maioría. A comisión emitirá resolución, con acordo ou sen él, sobre as materias tratadas no prazo de dez días naturais contados a partires da data da xuntanza. De común acordo polas partes, e unha vez emitida a resolución sen acordo, as partes poderán someter as discrepancias producidas ao V Acordo Sobre Solución Autónoma de Conflictos Laborais (Sistema Extraxudicial).

As funcións da comisión paritaria non obstruirán en ningún caso o libre exercicio da xurisdicción competente de acordo con a normativa vixente.

ARTIGO 29.—LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA

En todo o non recollido no presente convenio, rexerese polo disposto no IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y

Depuración de Aguas Potables y Residuales para el periodo 2011-2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de outubro de 2013, sin supoñer ningún coste económico adicional ao pactado no presente convenio colectivo.

ARTIGO 30.—REDUCCIÓN DE XORNADA POR MOTIVOS FAMILIARES

Nesta materia estarase ao regulado na lexislación vixente.

ARTIGO 31.—SUSPENSIÓN DO CONTRATO POR PATERNIDADE

Nesta materia estarase ao regulado na lexislación vixente

ARTIGO 32.—SUSPENSIÓN DO CONTRATO DE TRABALLADORA VÍCTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Nesta materia estarase ao regulado na lexislación vixente

ARTIGO 33.—XUBILACIÓN E XUBILACIÓN PARCIAL :

Nesta materia estarase ao regulado na lexislación vixente.

ARTIGO 34.—CLASIFICACIÓN PROFESIONAL

O sistema de clasificación profesional do persoal vinculado ao presente convenio colectivo será o do denominado IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de octubre de 2013, e os convenios colectivos sectoriais estatais de xestión do auga que no futuro o sucedan.

Por todo iso, as partes acordaron a adscripción das categorías profesionais do persoal que presta os seus servizos na empresa co sistema de clasificación profesional do IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de octubre de 2013.

ARTIGO 35.—RÉXIME DISCIPLINARIO

Aos efectos do réxime disciplinario, aplicarase o IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de octubre de 2013, actualmente en vigor, e posteriormente na futura regulación que a este respecto se estableza no convenio colectivo que o substitúan.

ARTIGO 36.—CLÁUSULA DE SUBROGACIÓN

Estarase ao disposto na normativa sectorial establecida no IV Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales para los años 2011, 2012, 2013 y 2014, publicado no Boletín Oficial do Estado do 21 de octubre de 2013, e nos futuros convenios que o substitúan.

DISPOSICIÓN FINAL

A retribución pola realización da lectura do servizo de Bueu será de veinticinco euros (25 €) por mes efectivo de lectura.

Convenio Colectivo de Trabajo de la empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. en Bueu para os anos 2013, 2014, 2015 y 2016 Tabla Salarial Definitiva - Año 2013										
GRUPO	NIVEL	PUESTO DE TRABAJO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO PUESTO DE TRABAJO	TOTAL MENSUALIDAD	GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA (MARZO, JUNIO, SEPTIEMBRE, DICIEMBRE)	TOTAL ANUAL 2013	VALOR HORA EXTRAORDINARIA	
2 - A	3	Administrativo	829,66 €	130,00 €	124,45 €	1.084,11 €	829,66 €	16.327,95 €	19,00 €	
2 - A	4	Oficial	915,25 €	130,00 €	137,29 €	1.182,54 €	915,25 €	17.851,45 €	20,00 €	
1	2	Peón especialista	817,66 €	130,00 €	122,65 €	1.070,31 €	817,66 €	16.114,35 €	19,00 €	
1	1	Peón	808,96 €	130,00 €	121,34 €	1.060,30 €	808,96 €	15.959,49 €	19,00 €	
Artículo 6	Antigüedad	Euros al mes	1 bienio 10,22 €	2 bienios 20,44 €	2 bienios y 1 quinquenio 45,68 €	2 bienios y 2 quinquenios 72,12 €	2 bienios y 3 quinquenios 96,16 €	2 bienios y 4 quinquenios 120,20 €		
Artículo 9	Complemento medioambiental		19,00 €	por mes efectivamente trabajado						
Artículo 11	Quebranto de moneda		65,00 €	por mes efectivamente trabajado						
Artículo 15	Servicio de guardia semanal		115,00 €							

Convenio Colectivo de Trabajo de la empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. en Bueu para os anos 2013, 2014, 2015 y 2016 Tabla Salarial Definitiva - Año 2014										
GRUPO	NIVEL	PUESTO DE TRABAJO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO PUESTO DE TRABAJO	TOTAL MENSUALIDAD	GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA (MARZO, JUNIO, SEPTIEMBRE, DICIEMBRE)	TOTAL ANUAL 2014	VALOR HORA EXTRAORDINARIA	
2 - A	3	Administrativo	832,15 €	130,39 €	124,82 €	1.087,36 €	832,15	16.376,93 €	19,06 €	
2 - A	4	Oficial	918,00 €	130,39 €	137,70 €	1.186,09 €	918,00	17.905,00 €	20,06 €	
1	2	Peón especialista	820,11 €	130,39 €	123,02 €	1.073,52 €	820,11	16.162,69 €	19,06 €	
1	1	Peón	811,39 €	130,39 €	121,71 €	1.063,48 €	811,39	16.007,37 €	19,06 €	
Artículo 6	Antigüedad	Euros al mes	1 bienio 10,22 €	2 bienios 20,44 €	2 bienios y 1 quinquenio 45,68 €	2 bienios y 2 quinquenos 72,12 €	2 bienios y 3 quinquenos 96,16 €	2 bienios y 4 quinquenos 120,20 €		
Artículo 9	Complemento medioambiental		19,06 €	por mes efectivamente trabajado						
Artículo 11	Quebranto de moneda		65,20 €	por mes efectivamente trabajado						
Artículo 15	Servicio de guardia semanal		115,35 €							

Convenio Colectivo de Trabajo de la empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. en Bueu para os anos 2013, 2014, 2015 y 2016 Tabla Salarial Definitiva - Año 2015									
GRUPO	NIVEL	PUESTO DE TRABAJO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO PUESTO DE TRABAJO	TOTAL MENSUALIDAD	GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA (MARZO, JUNIO, SEPTIEMBRE, DICIEMBRE)	TOTAL ANUAL 2015	VALOR HORA EXTRAORDINARIA
2 - A	3	Administrativo	836,31 €	131,04 €	125,45 €	1.092,80 €	836,31 €	16.458,82 €	19,15 €
2 - A	4	Oficial	922,59 €	131,04 €	138,39 €	1.192,02 €	922,59 €	17.994,53 €	20,16 €
1	2	Peón especialista	824,21 €	131,04 €	123,63 €	1.078,89 €	824,21 €	16.243,50 €	19,15 €
1	1	Peón	815,44 €	131,04 €	122,32 €	1.068,80 €	815,44 €	16.087,40 €	19,15 €
Artículo 6	Antigüedad	Euros al mes	1 bienio 10,22 €	2 bienios 20,44 €	2 bienios y 1 quinquenio 45,68 €	2 bienios y 2 quinquenios 72,12 €	2 bienios y 3 quinquenios 96,16 €	2 bienios y 4 quinquenios 120,20 €	
Artículo 9	Complemento medioambiental		19,15 €	por mes efectivamente trabajado					
Artículo 11	Quebranto de moneda		65,52 €	por mes efectivamente trabajado					
Artículo 15	Servicio de guardia semanal		115,92 €						

Convenio Colectivo de Trabajo de la empresa Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. en Bueu para os anos 2013, 2014, 2015 y 2016 Tabla Salarial Definitiva - Año 2016									
GRUPO	NIVEL	PUESTO DE TRABAJO	SALARIO BASE	PLUS CONVENIO	COMPLEMENTO PUESTO DE TRABAJO	TOTAL MENSUALIDAD	GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA (MARZO, JUNIO, SEPTIEMBRE, DICIEMBRE)	TOTAL ANUAL 2016	VALOR HORA EXTRAORDINARIA
2 - A	3	Administrativo	842,16 €	131,96 €	126,32 €	1.100,45 €	842,16 €	16.574,03 €	19,29 €
2 - A	4	Oficial	929,04 €	131,96 €	139,36 €	1.200,36 €	929,04 €	18.120,49 €	20,30 €
1	2	Peón especialista	829,98 €	131,96 €	124,50 €	1.086,44 €	829,98 €	16.357,21 €	19,29 €
1	1	Peón	821,15 €	131,96 €	123,17 €	1.076,28 €	821,15 €	16.200,02 €	19,29 €
Artículo 6	Antigüedad	Euros al mes	1 bienio 10,22 €	2 bienios 20,44 €	2 bienios y 1 quinquenio 45,68 €	2 bienios y 2 quinquenios 72,12 €	2 bienios y 3 quinquenios 96,16 €	2 bienios y 4 quinquenios 120,20 €	
Artículo 9	Complemento medioambiental		19,29 €	por mes efectivamente trabajado					
Artículo 11	Quebranto de moneda		65,98 €	por mes efectivamente trabajado					
Artículo 15	Servicio de guardia semanal		116,73 €						

Vigo, a 24 de marzo de 2014. — A Xefa Territorial, María Rita Peón Fernández.

2013002854